

*Disposición adicional*

As referencias á Consellería de Sanidade e Servizos Sociais contidas no Decreto 177/1995, do 16 de xuño, polo que se regula a tarxeta sanitaria, entenderanse referidas á consellería con competencias en materia de sanidade.

*Disposición derradeira*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, tres de decembro de dous mil nove.

Alfonso Rueda Valenzuela  
Presidente (Decreto 428/2009)

Pilar Farjas Abadía  
Conselleira de Sanidade

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

*Corrección de erros.-Orde do 19 de novembro de 2009 pola que se modifica o artigo 18 da Orde do 22 de xullo de 2009 (Diario Oficial de Galicia do 30 de xullo) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da investigación e a innovación empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.*

Advertido erro na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 232, do 26 de novembro de 2009, é necesario facer a seguinte modificación:

Na páxina 18.272, artigo 18º, nos puntos 1 e 2.1º c) onde di: «9 de decembro de 2009»; debe dicir: «19 de decembro de 2009».

*Resolución do 27 de novembro de 2009 pola que se adxudican as subvencións correspondentes a deseño e produción industrial dos programas sectoriais de investigación aplicada, Peme I+D e I+D Suma do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (Incite), convocadas na Orde do 24 de xuño de 2009 (Diario Oficial de Galicia do 6 de xullo).*

Por Orde do 24 de xuño de 2009 (DOG do 6 de xullo) establécense as bases para a concesión, en

réxime de concorrencia competitiva, das subvencións correspondentes aos programas sectoriais de investigación aplicada, Peme I+D e I+D Suma do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (Incite) e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. A mencionada convocatoria establece que os programas están dirixidos a diferentes tecnoloxías sectoriais entre as que figura a de deseño e produción industrial (DPI).

De conformidade co disposto nas bases da citada orde da convocatoria, vista a proposta de resolución formulada pola Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación como órgano instructor, elaborada tendo en conta o informe da comisión de valoración, e tendo en conta as disponibilidades orzamentarias, esta consellería

#### RESOLVE:

Primeiro.-En relación coas solicitudes correspondentes á modalidade A. Deseño e produción industrial (DPI):

1. Conceder as axudas para a realización de proxectos de investigación aplicada liderados por equipos de investigación de universidades, organismos públicos de investigación e centros públicos de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia, aos beneficiarios que se relacionan no anexo I da presente resolución, nas contías que se sinalan.

No anexo II relaciónanse, por orde de prioridade, as solicitudes que foron consideradas como suplentes. A súa concesión queda condicionada á posible ampliación de crédito derivada de baixas ou dunha maior dispoñibilidade orzamentaria.

2. Conceder as axudas para a realización de proxectos de investigación liderados por centros tecnolóxicos da Comunidade Autónoma de Galicia aos beneficiarios que se relacionan no anexo III desta resolución, nas contías que se sinalan.

No anexo IV relaciónanse, por orde de prioridade, as solicitudes que foron consideradas como suplentes. A súa concesión queda condicionada á posible ampliación de crédito derivada de baixas ou dunha maior dispoñibilidade orzamentaria.

3. Conceder as axudas para a realización de proxectos de I+D liderados por empresas privadas, agrupacións de empresas de carácter privado ou empresas públicas que teñan entre os seus fins ou realicen actividades de investigación, aos beneficiarios que se relacionan no anexo V desta resolución.

Segundo.-En relación coas solicitudes correspondentes á modalidade B. Deseño e produción na automoción (DPA):